



CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos..

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións da Axencia Turismo de Galicia e nas oficinas de turismo dependentes dela así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas serán curriculares ou extra curriculares.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

- I. Que o Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares e extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
- II. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de A Coruña, de aí que sexa un dos obxectivos da UDC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia



- III. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.
- IV. Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

